



atención a persoas
sen fogar

Senfogarismo

Recomendacións para
medios de comunicación

Que?

Quen?

Cando?

Onde?

Por que?

(e como contalo)

Ilustracións de Miquel Fuster

Coordinación da publicación: Luis Pardo

Ilustracións: Miquel Fuster

Equipa técnica: Leticia Suárez (Xunta), Graciela Malgesini (consultora), Lorena Freije e Carmen Isasi (Cruz Vermella)

Presentación

Esta publicación non pretende ser un compendio do que está ben ou mal no traballo dos medios de comunicación. Só buscamos contribuír a que teñades unha maior sensibilidade no tratamento daquelas noticias referidas a persoas ás que as circunstancias da vida privaron dun dereito básico: ter un teito, ter un fogar.

Son moi variadas as causas que levan a unha persoa a vivir na rúa ou en vivenda precaria, e diferentes tamén as formas de enfrontar a vida cando non tes o amparo dun fogar. Darse conta de que detrás de cada persoa que vemos hai unha causa diferente axudaranos a non simplificar, a non falar de categorías. [A falar de persoas.](#)

Por iso tamén eliximos as ilustracións que para a guía fixo Miquel Fuster. Miquel sabe do que debuxa, porque ao seu enorme talento como ilustrador engade o feito de ter vivido anos na rúa. Nun primeiro momento pensabamos utilizar imaxes máis amables, pero para entender do que falamos basta con mirar un intre aos ollos das persoas que debuxa Miquel.

Os contidos desta guía son recomendacións, a maioría das cales saen dunha xornada de traballo na que, a finais de 2018, reunimos a técnicos sociais con xornalistas de diferentes medios de comunicación. Nesa sesión aprendemos que non só os/as profesionais dos medios teñen que entender realidades sociais ás veces moi complexas, senón que tamén o persoal técnico da área social debe facer un esforzo por coñecer mellor o traballo xornalístico, coa súa inmediatez e urxencia. A todas elas e a todos eles, grazas.

Se a próxima vez que alguén dos medios de comunicación, cando teña que tratar unha noticia referida a unha persoa que non ten fogar, acórdase desta guía, o noso traballo merecería a pena.

Senfogarismo

Que?

Quen?

Cando?

Onde?


Por que?

(e como contalo)

Elixida palabra do ano 2017 pola Fundeu, a **aporofobia** –definida pola Real Academia Galega como *medo, rexeitamento ou aversión cara ás persoas pobres ou desfavorecidas*– é unha das actitudes máis reprobables do noso tempo. O odio e o desprezo cara quen non ten recursos ou se atopa en desamparo non é novo, pero pareceu acrecentarse por mor da crise económica iniciada en 2008. Os datos demostran unha alta incidencia de delitos de odio contra as persoas que forman o elo máis feble da cadea: as persoas sen fogar, a manifestación máis grave da exclusión social.

Esta pequena guía nace coa intención de dotar ao xornalismo galego dalgunhas ferramentas que eviten colaborar coa creación ou mantemento dunha imaxe falsa e estereotipada das persoas nesta situación, onde as causas se esquecen mentres se exacerbaban as súas consecuencias.

A nosa intención é empregar a máis clásica das técnicas xornalísticas, as coñecidas como cinco W, para describir a realidade das persoas que non teñen fogar. Engadimos a sexta pregunta (“How...?”) para tratar de atopar xeitos de abordar a súa situación que, sen falseala nin edulcorala, nos permitan reflectila nun espello adecuado.



Que é?



O senfogarismo non define unha categoría, senón unha **circunstancia**: a que nun momento determinado da vida pode atravesar calquera persoa con independencia da súa idade, sexo, nacionalidade, formación ou nivel de ingresos previo. Parafraseando o título da guía de comunicación editada polo Ajuntament de Barcelona⁽¹⁾, "esa persoa que dorme nun caixeiro, debaixo dunha ponte ou nun albergue poderías ser ti".

"A existencia de persoas sen fogar é un problema propio das sociedades modernas e relaciónase con procesos de exclusión social, dos que son a máxima expresión; é dicir, cando a sociedade non inclúe ou integra as persoas nun ou varios destes ámbitos: económico (participación no traballo ou no consumo); político-legal (dereito á protección social, participación política); social-relacional (perda de apoio das redes sociais ou familiares)". Guía de estilo para periodistas: mira a las personas sin hogar (EAPN, 2014)⁽²⁾. (En adiante, "Estudo")

Quen son?

Saber quen son as persoas sen fogar é tan importante **como saber quen non son**. Existen numerosos estereotipos que se veñen abaixo, simplemente, confrontándoos con datos como os recollidos no Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017⁽³⁾. (en adiante Estudo)

SON MOITAS? Existen dificultades para acadar unha cifra exacta das persoas sen fogar. A aproximación realizada polo INE en 2012 as cifraba en 1.902 en Galicia; e o Estudo do ano 2017 en 1.243 persoas. A taxa de persoas sen fogar por cada 10.000 habitantes varía entre as cidades: Santiago 2,59; Lugo 1,71; A Coruña 1,31; Pontevedra 1,20; Ferrol 0,88 e Ourense 0,39.

SON HOMES? Unha boa parte si, **pero non na súa totalidade**. En Galicia, polo menos o 11,5% son mulleres.

SON ESTRANXEIRAS? Unha minoría. Dúas de cada tres (o 67,5%) teñen nacionalidade española. Entre as persoas estranxeiras, a maioría proceden de Portugal (32%), Romanía (28%) e Marrocos (20%).

NON TRABALLAN? Di o Estudo que o **15,2% reconece ter un traballo**, pero en case 9 de cada 10 casos é economía sumerxida. Máis dun tercio (34,7%) das persoas sen fogar en Galicia están inscritas no Servizo Público de Emprego.

SON XENTE PERIGOSA? En realidade, **corren perigo**. Segundo o Estudo, case a metade das persoas sen fogar en Galicia foron vítimas dalgún delito (46,5%), aínda que sete de cada dez (69%) non o denunciaron. O Observatorio de Delitos de Odio Contra Persoas sen Fogar, HATENTO, confirma estes datos e sinala que as mulleres sofren máis crimes que os varóns⁽⁴⁾.

VIVEN NA RÚA PORQUE QUEREN? Unha das cuestións **con resposta máis complexa**. Ao 91,10% das persoas sen fogar gustaríalles dispoñer dun aloxamento, preferiblemente un piso de uso individual (37,8%) ou compartido (35,6%). Como non o teñen, a súa alternativa para non durmir na rúa adoita ser un albergue. Nalgúns casos, estes centros non dan resposta ás súas necesidades, algunhas tan sinxelas como poder aloxarse coa súa parella ou levar con elas á súa mascota.

1 "Podrías ser tú. Recomendacións sobre el tratamiento informativo del sinfogarismo".

2 Guía de estilo para periodistas: mira a las personas sin hogar, 214.

3 Cruz Vermella e Xunta de Galicia: Enquisa/Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017

4 Observatorio HATENTO de delitos de odio: www.hatento.org

Dende cando?

Dende o inicio da crise, o número de persoas sen fogar **amentou en todos os países da Unión Europea**. As situacións de partida están vencelladas a falta de pagamentos, á perda da vivenda e ao desemprego, así como a unha acumulación de feitos vitais. Na última década rexistrouse unha diversificación do seu perfil tradicional (homes maiores, con problemas de adiccións ou de saúde mental): aumentan as persoas novas, as mulleres e as maiores de 45 anos (a idade media das persoas sen fogar é de 46 anos e medio). Tamén se detecta unha tendencia á cronificación. Dúas de cada tres persoas (68%) levan máis de tres anos en situación de senfogarismo; un 15% entre un e tres anos e un 17% leva sen fogar menos dun ano.

A última edición da *Encuesta de personas sin hogar del Instituto Nacional de Estadística (2018)* vén rexistrando un aumento progresivo das persoas que se atopan nesta situación. Entre o 2005 e o 2014 mostraba unha suba do 24%, mentres que na edición de 2018 fálase de 18.000 persoas acollidas ao día, un 9,5% máis que en 2016.

Por que?

Os motivos expresados polas persoas sen fogar para explicaren como chegaron a esa circunstancia foron diferentes. As respostas non eran as mesmas se falabamos de persoas coa cidadanía española ou procedente dun país da Unión Europea ou de orixe extracomunitario. Para estas últimas a situación administrativa irregular amósase como unha das principais causas de exclusión. As principais razóns que deron, por orde de importancia, foron:

Nacionais

- 1.- Desemprego
- 2.- Escaseza de recursos
- 3.- Ruptura afectiva
- 4.- Drogadicción
- 5.- Alcoholismo
- 6.- Outro
- 7.- Por opción voluntaria
- 8.- Enfermidade

Estranxeiros/as (extracomunitarios)

- 1.- Desemprego
- 2.- Escaseza de recursos
- 3.- Situación administrativa irregular
- 4.- Alcoholismo
- 5.- Ruptura afectiva
- 6.- Outro
- 7.- Por opción voluntaria

Onde están?

Non todas as persoas sen fogar atópanse nas mesmas circunstancias. Seguindo a FEANTSA (Federación Europea de Asociacións Nacionais que Traballan con Persoas sen Fogar), podemos establecer distintas categorías de exclusión residencial, que refire ás situacións de vulnerabilidade das persoas en relación coa dificultade de acceso ou mantemento dun recurso habitacional estable.

Sen teito: non ten aloxamento de ningún tipo, vive nun espazo público.

Segundo os resultados da Enquisa a persoas sen teito en Galicia, 2017, os lugares elixidos para pasar a noite foron:



21,6%
Nun caixeiro automático



12,8%
Dentro ou debaixo dunha estrutura (túneles, estacións...)



40,8%
Unha rúa ou praza



0,8%
Dentro dun lugar non provisto para vivir (naves...)



0,8%
Nunha casa ou nun edificio abandonado ou en obras



4,8%
Nun parque



7,2%
Un establecemento comercial (tendas, bares...)



11,2%
Outros

Sen fogar: vive nun aloxamento temporal, nun refuxio ou nunha institución (hostal, centros de atención sanitaria, penitenciarios, de protección de menores...), pero non dispón de vivenda.

Vivenda insegura: vive temporalmente e de forma involuntaria con familiares ou amizades nunha vivenda sen contrato de arrendamento, recibiu orde de desafiuzamento ou vive baixo a ameaza da violencia doméstica.

Vivenda inadecuada: vive en chabolas de asentamentos, en vivenda non apta para a súa habitabilidade segundo a normativa (humidades e fungos, teitos ou paredes caídos, sen auga, electricidade, servizos, etc.), ou onde existe unha situación de amoreamento.

Como contalo?

Palabras

As palabras que empregamos para referirnos ás persoas caracterízanas, por iso importan e moito, especialmente canto maior é a súa vulnerabilidade. Algo tan doado como referirnos a **persoas sen fogar e non como "os sen fogar"** ou "os sen teito" xa axuda a humanizar a aquelas que se atopan nesta situación (un truco ben sinxelo, equivalente ao de usar "presunto" antes de calquera acusación para evitar problemas).

Segundo a guía de EAPN, atopamos connotacións negativas noutros termos como "indixente", "mendigo" ou "vagabundo", e se usan indistintamente para referir ás persoas en situación de senfogarismo. Pero cómpre definilas para entender as súas diferenzas:




Indixente xeraliza unha situación de abandono e falla absoluta de medios que non se verifica na maioría das ocasións e límitase a nomear as carencias físicas, sen reparar nas consecuencias persoais e sociais que supón a situación de sen fogar.

Mendigo refírese a quen practica a mendicidade. En Galicia, menos da metade (un 40,3%) afirman vivir da esmola, polo que o termo é altamente inexacto.

Vagabundo describe unha situación de mobilidade que non coincide coa realidade das persoas sen fogar. A maioría permanece nunha contorna limitada, determinada pola localización dos recursos sociais. O 61% das entrevistadas na Enquisa desenvolvida en Galicia estaban empadronadas na cidade onde foron localizadas.

Tampouco convén empregar tecnicismos como "sen domicilio fixo", "PSF" (acrónimo de persoa sen fogar) ou o anglicismo homeless.



Suxeito e obxecto

As persoas sen fogar adoitan ser **obxecto** da información. Son utilizadas como “cebo” para cazar clics, as veces tírase de morbo e do amarelismo da pobreza ou parte da información sobre elas utilízase de forma interesada. En moitas menos veces son o **suxeito** das noticias, aínda que lles toquen ben de preto. **Acudir á fonte primixenia** é unha obriga xornalística; escoitar a súa voz e a súa versión dos feitos é un dereito máis do que a súa situación de exclusión non os debe privar. E iso, moitas veces, está na nosa man.

Sen tempo

Porén, isto choca coa **realidade do día a día**: á falta de tempo ou espazo á hora de redactar as noticias; á precariedade do traballo nas redaccións e á escasa especialización, engádese a propia dificultade para acceder ás persoas sen fogar. Non son profesionais da política ou do deporte aos que se lles poida abordar facilmente cun micrófono. Achegarse a elas require vencer as súas reticencias e gañarse a súa confianza. Son conscientes do tratamento –case sempre negativo– que se lles dá nos medios, entre outras cousas, porque boa parte das persoas sen fogar contan con teléfono móbil e redes sociais. As organizacións do terceiro sector e os equipos de rúa serán sempre un bo camiño para ese achegamento que permitirá outro dos obxectivos: darlles voz.

Sen fogar, non sen voz

Cando isto acontece, debemos respectar a normativa reguladora de protección de datos e, se ofrécese información persoal, sempre debemos contar cunha autorización por escrito, incluíndo a cesión de dereitos de imaxe. O mesmo acontece á hora de amosar o seu rostro. En caso de dúbida, debemos proceder cos seus datos persoais do mesmo modo que con calquer persoa entrevistada, ou persoa que presenta un interés informativo ou participante nun suceso de valor periodístico.

A imaxe dun corpo tendido entre cartóns do que apenas asoman un gorro de lá ou uns zapatos axuda á cousificación da persoa, xa que a privamos de características propias da súa humanidade. Porén, antes de empregar unha imaxe na que o protagonista resulte recoñecible, **debemos solicitar o seu consentimento**. Entre un e outro extremo, existe a posibilidade de xogar con recursos fotográficos (ángulos, desenfoces, tiros de cámara, distancias...) que permitan unha solución que non atente contra a dignidade.

Para casos xenéricos, temos a posibilidade de contar cos bancos de imaxes das organizacións do terceiro sector, que fuxirán da espectacularidade e o amarelismo.

Debemos evitar informar do senfogarismo dende a compaixón e o paternalismo ou enfocándoo só como unha cuestión de orde pública, xa que en realidade trátase dun problema con moitas causas e estaríamos quedando só con algún dos síntomas. Quedar sen fogar é froito dun proceso de exclusión social onde interveñen factores persoais e sociais, por iso convén contextualizar a súa situación, o que axudará a rachar os estereotipos. **Os departamentos de comunicación das organizacións** do terceiro sector e as profesionais e os profesionais que traballan a pé de rúa poden ofrecernos tanto os datos como os contactos que precisamos.

Os medios de comunicación teñen un poder significativo para mellorar a nosa comprensión das causas do senfogarismo, así como as solucións. Á inversa, poden incitar respostas negativas, perpetuar conceptos erróneos e estigmatizar ás persoas sen fogar.

Como non hai un único perfil de persoa sen fogar, senón, como vimos, unha diversidade de causas, situacións e necesidades, o noso traballo debe dar a entender que non precisan só recursos asistenciais –o que sería unha visión propia da beneficencia– senón auténticas medidas de integración, comezando polo acceso a unha vivenda, un dereito fundamental.

En positivo

As informacións en positivo sobre persoas sen fogar escasean, pero non quere dicir que non existan e, cando funcionan, adoitan acadar un grande eco. **Historias humanas** con protagonistas aos que se lle poida poner nome e cara. Profesionais e entidades coñecemos e poden servirnos de ponte ata eles.





En conclusión

Cómpre mellorar a calidade da información que se publica sobre as persoas sen fogar, evitando dar pé ao discurso de odio e a discriminación nos medios de comunicación, tanto tradicionais como online, a través da promoción de estándares éticos e do respecto á liberdade de expresión.

De actualidade

ODIO

Un dos temas de actualidade desde hai tempo, porque aínda que poucas veces chegan ás estatísticas case a metade das persoas que viven na rúa sufriron algunha agresión, que case nunca denuncian (7 de cada 10 veces non hai denuncia, segundo hatento.org). Entidades como a Fundación Rais demandan unha Lei Integral de Delitos de Odio *“que fomente a tolerancia e a diversidade social, reforce e impulse políticas públicas orientadas a eliminar a intolerancia e o odio e protexa as vítimas”*. Así mesmo, piden unha reforma do Código Penal que considere o senfogarismo un *“factor de vulnerabilidade”*.

Actualmente, o Código Penal xa recolle como agravantes *“cometer o delito por motivos racistas, antisemitas ou outra clase de discriminación referente á ideoloxía, relixión ou crenzas da vítima, a etnia, raza ou nación á que pertenza, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, razóns de xénero, a enfermidade que padeza o a súa discapacidade”* (artículo 22.4). Coñecer o que se fai noutros países de Europa pode enriquecer o contexto.

DIFERENTES ESTRATEXIAS ANTE O PROBLEMA.

Estan de actualidade e pouco a pouco aparecen en Galicia diferentes maneiras de enfocar a inserción social das persoas sen fogar. É bo saber de qué falamos cando se empregan os termos *“housing first”* ou *“modelo en escaleira”*:


Housing first. É un modelo de abordaxe do senfogarismo cuxa prioridade é o aloxamento da persoa —que se proporciona xa desde un primeiro momento—, como punto de partida da intervención. De xeito complementario ao mantemento do aloxamento en condicións satisfactorias, búscanse melloras na saúde, o benestar e as redes de apoio social coas que se traballa. A metodoloxía housing first está orientada a persoas con elevadas necesidades de apoio para saír do senfogarismo, e ten demostrada a súa efectividade naquelas que levan longo tempo en situación de rúa. Fundaméntase en oito principios: a vivenda é un dereito humano; elección e control para as persoas usuarias; separación de aloxamento e tratamento; orientación á recuperación; redución do dano; compromiso activo sen coerción; planificación centrada na persoa; apoio flexible e dispoñible durante o tempo necesario.

Modelo en escaleira. Consiste nun formato de escala sucesiva de obxectivos e fitos —previamente definidos nos programas sociais— que a persoa ten que acadar para acceder, finalmente, a un recurso habitacional estable (pode non ser unha vivenda compartida).

Para rematar...

Como pode enfocar o xornalismo a temática das persoas sen fogar?
Aquí van algúns consellos útiles:

- **Coñecer a lexislación** anti-aporofobia e anti-discriminación.
- Usar un enfoque **baseado no diálogo** coas persoas afectadas.
- Usar un **marco máis amplo de fontes** (persoas expertas, académicas, entidades que traballan coas persoas sen fogar) e bibliografía sobre o tema.
- Ofrecer información de **contexto** e poñer os feitos que se relatán dentro do contexto.
- Presentar ás persoas sen fogar como seres humanos, **evitando etiquetas** e, especialmente, evitando os **estereotipos**.
- **Separar os feitos obxectivos das opinións** de actores secundarios sobre eses feitos.
- **Falar das políticas existentes** para resolver os feitos e das que sería necesario empregar para previlos no futuro.



Como fixemos esta guía

Esta guía forma parte do conxunto de actuacións que desenvolve Cruz Vermella Española en Galicia no marco do convenio coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, un traballo conxunto que levamos a cabo desde hai xa vinte anos. Parecíanos que, dentro das actuacións que en diversos campos viñan desenvolvendo e que culminaron coa publicación do “Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017: Trazos e propostas de intervención” pola Xunta de Galicia, faltaba unha mellor aproximación ao papel dos medios.

O 27 de novembro de 2018 pola tarde reunimos no Convento de San Francisco de Santiago de Compostela a un grupo de persoas coa intención de falar sobre como se aproximan os medios de comunicación a un tema tan complexo como o das persoas sen fogar, nunha conversación moderada polo xornalista Luís Pardo, coordinador desta edición. Tras unha presentación da realidade das persoas sen fogar, realizada pola experta Graciela Malgesini, debatemos durante tres horas sobre as nosas diferentes visións, obxectivos e necesidades. E entre moitas outras cousas, concluimos que é moi importante que os/as xornalistas eduquen a súa sensibilidade e busquen a axuda do persoal técnico das entidades, e tamén que estes e estas comprendan mellor as urxencias e necesidades do traballo xornalístico.

A visión, normalmente sesgada, que ten a opinión pública das persoas sen fogar, require da axuda de xornalistas comprometidos/as que transmitan valores de humanidade, para o que o papel das entidades ten que ser entender e facilitar o seu traballo.

O noso agradecemento a: **Luís Pardo** (Cadena SER), **Ignacio Carballo** (La Voz de Galicia), **Clara de Saá** (Radio Galega), **Alberto Varela** (COPE), **Sonia Díaz** (AGARESO), **Graciela Malgesini** (Consultora), **Leticia Suárez** (Dirección Xeral de Inclusión da Xunta de Galicia), **Rocío Ovalle**, **Carmen Isasi**, **Diego Conde**, **Patricia Castiñeira** (Cruz Vermella), **Ángela Ramallo** e **Lorena Freije** (Departamento de Comunicación Cruz Vermella).



atención a persoas
sen fogar



cruzvermella.org